


PROGRAMACIÓN PRIMARIA 1º NIVEL

2017-2018



CEIP Francisco Vales Villamarín

ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización páx 3
- 2.- Obxectivos xerais (adaptados?)..... páx 4
- 3.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 5
- 4.- Metodoloxía páx 6
- 6.- Proxecto 1º nivel: páx 8
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
 - Competencias clave de cada estándar
- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- 8.- Concrecións metodolóxicaspáx
- 9.- Materiais e recursos didácticospáx
- 10.- Actividades extraescolares e complementarias e aplicacións dos plans e proxectos do centro páx
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso..... páx
- 12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....páx
- 13.- Medidas de atención á diversidadepáx
- 14.-Medidas de recuperación e reforzo..... páx
- 15.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas..... páx

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un colexio comarcal que conta co alumnado de primaria dos concellos de Betanzos, Paderne e Coirós. É de ámbito público, formado por 996 alumnos/as distribuídos en 43 unidades: 13 de Educación Infantil e 30 de Primaria. Alumnado diverso, tanto en procedencia (8 % inmigrante) como en características (14 % NEAE). O idioma máis empregado e a lingua materna do alumnado é o castelán, que convive cunha minoría galego falante, reflexo do que ocorre no contorno.

Os resultados académicos do alumnado durante o curso 2016-17 non foron negativos: aproximadamente un 99 % promocionou para o seguinte curso, aínda que unha minoría dun 0,8% permanece no mesmo nivel. A avaliación individualizada de 3º nivel e a final de etapa non aportan datos significativos debido á baixa afluencia que rexistraron.

Agás dous niveis de infantil (4º e 5º), o resto de niveis conta con cinco aulas, cuxos titores/as, especialistas e integrantes do D. Orientación, 66 docentes en total, deben coordinarse para facer cumprir estes proxectos de nivel que completan os obxectivos das dúas etapas de maneira coordinada e coherente tratándose dun conxunto tan grande.

Un centro, que traballa a formación docente cun PFPP iniciado no curso 2016-17, que continúa este curso e conta con Plans e Proxectos que contemplan a diversidade e o afán por mellorar e conseguir o éxito educativo e unha boa convivencia debe elaborar unha programación que cumpra cos requisitos legais e os adapte ás súas necesidades.

A programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que se ben é de secundaria é a recomendación feita por parte da inspección ata que no existe unha resolución similar para primaria.

A Educación Infantil, regulada polo Real decreto 1630/2006, de 29 de decembro que establece as ensinanzas mínimas fixadas para o 2º ciclo e o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009). Tamén a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).

A Educación Primaria, regulada no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

2.- OBXECTIVOS XERAIS DE PRIMARIA

Que contribuirán a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas por ningún motivo.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita comunicar mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, especialmente aos relacionados e vinculados con Galicia.
 - i. Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
 - j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En xeral, para a adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Área de Ciencias da Natureza: Os coñecementos científicos integraranse no currículo de E. Primaria para proporcionar as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. Este proceso deberá permitir a aproximación ao medio científico e ao uso das tecnoloxías de maneira progresiva, evolucionando dun pensamento intuitivo, global e concreto á interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade na que conflúan todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria. Ademais da adquisición de conceptos científicos, débese introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de “saber facer” e empregar estratexias técnicas da actividade científica.

Área de Ciencias Sociais: Pretende contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumno, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade que vive, participando da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social do alumnado como futuros cidadáns e cidadás implica coñecer os mecanismos fundamentais da democracia, respectando as regras de vida colectiva e, por outra parte, interactuar coa contorna e o medio, velando pola súa conservación.

Área de Lingua castelá e galega: O desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística será o obxectivo principal desta área, que deberá achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para que o alumnado poida desenvolverse satisfactoriamente nas relacións co resto dos integrantes do contorno, dunha maneira adecuada a súa idade. Ademais, proporcionaralle coñecementos metalingüísticos e literarios que lle axudarán a completar o seu dominio cultural. Nun futuro, o seu éxito persoal e profesional dependerá en parte da súa competencia lingüística e a súa capacidade para comprender e expresar.

O Proxecto lingüístico de centro contempla as tres linguas como mecanismos necesarios para a formación do alumnado, non só lingüística e literaria, senón como individuos conscientes da necesidade da bagaxe vital nun mundo en continua expansión, pero sen perder a cultura e a identidade propia. Dende o segundo ciclo de Infantil mantense contacto cunha primeira lingua estranxeira (inglés), co obxectivo de iniciar a súa competencia en comunicación oral.

Area de Matemáticas: As Matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse

coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc. E axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que leven consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

Área de Educación Física: Esta área ten como finalidade principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento de todas.

Na Educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

4.- METODOLOXÍA:

Aspectos xerais:

Nesta etapa poñerase especial atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizarase a práctica docente diaria de xeito que se garanta a incorporación dun tempo de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén, realizando diagnósticos precoces e mecanismos de reforzo.

Estableceranse unhas orientacións metodolóxicas nas distintas áreas, de maneira que os contidos de todas elas estarán relacionados entre si, polo que se potenciará un enfoque global e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Estes contidos deberán ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos,...onde o alumnado avance, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado (portfolio, rúbricas, mapas mentais, diarios, probas específicas,...) e diferentes materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes, partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional para avanzar cara aprendizaxes máis complexos. O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, polo que presentarán propostas de traballo individual e de equipo, que posibiliten a resolución conxunta e favorezan a inclusión.

Dende o equipo educativo e as distintas comisións de coordinación fomentarase unha reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, acordada e compartida á hora de desenvolver un currículo coherente cun enfoque global e interdisciplinar (PDI da biblioteca: "Unha viaxe no tempo").

5. Proxecto 1º nivel

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	CEIP Fco VALES VILLAMARÍN		
NIVEL	1º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Naturais (CN)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CN-B1.1	1º-CNB1.1.1 - Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CAA CC L CMC T CSIE ECCEC CD
CN-B1.1	1º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta certa autonomía na resolución das tarefas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CMCT CSIEE CCL
CN-B1.2	1º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material	Respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAACM CT CSC CSIEE

	e as normas de convivencia.						
Bloque 2: O ser humano e saúde							
CN-B2.1	1º-CNB2.1.1 - Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Identifica algunhas semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC
CN-B2.1	1º-CNB2.1.2 - Recoñece partes do propio corpo.	Recoñece as partes principais do corpo: cabeza, tronco e extremidades.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC
CN-B2.1	1º-CNB2.1.3 - Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e ajenos.	Comparte emocións e sentimentos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CSC CCL
CN-B2.2	1º-CNB2.2.1 - Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	Recoñece alimentos saudables dos que non o son.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC
CN-B2.2	1º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	Adquire algún hábito de vida saudable.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC
CN-B2.3	1º-CNB2.3.1 - Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	Segue o menú semanal de merendas da escola.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSIEE
Bloque 3: Os seres vivos							
CN-B3.1	1º-CNB3.1.1 - Explica as principais diferenzas entre				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CMCT CCL

	plantas e animais empregando diferentes soportes.					INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	
CN-B3.1	1º-CNB3.1.2 - Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	Recoñece partes dunha pranta: raíz, talo, follas.Recoñece as principais características dos animais da contorna próxima.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CMCT CCL
CN-B3.1	1º-CNB3.1.3 - Avisa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Respeto aos seres vivos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT
CN-B3.2	1º-CNB3.2.1 - Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	Recole datos e os comunica de forma oral.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CMCT CCL CAA CSIEE CD
Bloque 4: Matería e enerxía							
CN-B4.1	1º-CNB4.1.1 - Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Recicla na escola.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Resolución de exercicios e problemas. Xogos de simulación e dramáticos.	CMCT CSC CSIEE
CN-B4.1	1º-CNB4.1.2 - Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	Recoñece medidas de uso responsable da auga.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Diario de clase.	CMCT CSC
CN-B4.2	1º-CNB4.2.1 - Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Identifica dúas características dos obxectos cotiás.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT

Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas

CN-B5.1	1º-CNB5.1.1 - Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Nomea oficios da contorna próxima.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CMCT CSC CCL
CN-B5.1	1º-CNB5.1.2 - Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	Manexa aparellos cotiás con seguridade.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC CSIEE
CN-B5.2	1º-CNB5.2.1 - Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	Identifica dúas partes do ordenador.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CD CCL
CN-B5.2	1º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Fai un bo uso			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT CD

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	CEIP Fco VALES VILLAMARÍN					
NIVEL	1º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Socias (CS)			

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
Bloque 1: Contidos comúns							

CS-B1.1	1º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	Fai conxecturas, recolle información e a comunica.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CAA CCL CD CMCT
CS-B1.1	1º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Manifesta certa autonomía na resolución das tarefas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CAA CSC CCL
CS-B1.2	1º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
CS-B1.3	1º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	Completa mapas sinxelos.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Produccións plásticas.	CAA
CS-B1.4	1º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.	Adquire algún vocabulario novo do proposto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CCL CMCT CSC

Bloque 2: O mundo que nos rodea

CS-B2.1	1º-CSB2.1.1 - Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	Recolle información sobre algúns aspectos da súa contorna natural.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Producións orais.	CMCT CD CAA
CS-B2.1	1º-CSB2.1.2 - Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima	Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CCL
CS-B2.2	1º-CSB2.2.1 - Describe as características principais do aire e da auga.	Nomea algunhas características da auga e do aire.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CCL
CS-B2.3	1º-CSB2.3.1 - Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CSC CCL
CS-B2.4	1º-CSB2.4.1 - Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	Nomea algúns fenómenos atmosféricos: choiva, saraiba, vento, neve,	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CD CCL
CS-B2.5	1º-CSB2.5.1 - Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación	Recolle datos sobre o tempo atmosférico local.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e	CMCT CAA

	sobre o tempo atmosférico local.					problemas.	
CS-B2.6	1º-CSB2.6.1 - Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	Nomea o sol, a lúa, as estrelas, a terra e recoñece outros planetas.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. Producións plásticas.	CMCT CCL
CS-B2.7	1º-CSB2.7.1 - Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	Recoñece os cambios do día e da noite e a súa relación cos elementos do ceo.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas	CMCT CAA
CS-B2.8	1º-CSB2.8.1 - Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	Diferencia elementos naturais e artificiais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. Producións plásticas.	CMCT CAA
CS-B2.9	1º-CSB2.9.1 - Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CSC CMCT
Bloque 3: Vivir en sociedade							
CS-B3.1	1º-CSB3.1.1 - Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	Identifica as relacións de parentesco (nai, pai, tio, tía, avó, avoa, curmáns).	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. Producións plásticas.	CMCT CSC CAA
CS-B3.2	1º-CSB3.2.1 - Identifica	Identifica membros da comunidade	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CMCT

	aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	escolar				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CSC CCL
CS-B3.3	1º-CSB3.3.1 - Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	Respecta as normas de convivencia establecidas na escola.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC
CS-B3.4	1º-CSB3.4.1 - Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	Identifica partes da casa: tellado, porta, fiestra, habitación, cociña, baño, salón.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. Producións plásticas.	CMCT CAA
CS-B3.4	1º-CSB3.4.2 - Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	Describe algunha diferenza entre tipos de vivenda.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CCL CCEC
CS-B3.5	1º-CSB3.5.1 - Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalguna delas.	Sitúa a súa casa na cidade, na vila ou na aldea.Diferencia cidade de aldea.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. Producións plásticas.	CCL CMCT
CS-B3.6	1º-CSB3.6.1 - Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	Clasifica os medios de transporte en marítimos, terrestres ou aéreos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais.	CMCT CAA
CS-B3.7	1º-CSB3.7.1 - Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	Coñece semáforos e pasos de peóns e fai uso axeitado deles.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CSC CAA

CSB3.8	1º-CSB3.8.1 - Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	Relaciona as festas coas diferentes estacións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas.	CCEC CSC CCL
Bloque 4: As pegadas do tempo							
CS-B4.1	1º-CSB4.1.1 - Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..	Localiza, nunha liña do tempo,algúns feitos relevantes da súa vida persoal.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas.	CSC CAA CCL
CS-B4.2	1º-CSB4.2.1 - Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	Explica cales son os membros da súa familia.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas.	CSC CAA CCL
CS-B4.3	1º-CSB4.3.1 - Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	Nomea os días da semana e diferencia as estacións.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CCL

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	CEIP Fco VALES VILLAMARÍN						
NIVEL	1º PRIMARIA		ÁREA	Educación Musical (EM)			

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
Bloque 1: Escoita							
EM-B1.1	1º-EMB1.1.1 - Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CAA
EM-B1.1	1º-EMB1.1.2 - Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	Representa estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC
EM-B1.1	1º-EMB1.1.3 - Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC
EM-B1.1	1º-EMB1.1.4 - Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Producións motrices.	CCEC CD
EM-B1.1	1º-EMB1.1.5 - Identifica voces masculinas e femininas.	Identifica voces masculinas e femininas.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC
EM-B1.2	1º-EMB1.2.1 - Respecta os tempos de silencio para o	Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CCEC

	bo estudo dos sons e a escoita das audicións	escoita das audicións.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
EM-B1.2	1º-EMB1.2.2 - Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCEC
EM-B1.3	1º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónnaas coas súas obras.	Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónnaas coas súas obras.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC
EM-B1.3	1º-EMB1.3.2 - Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC
EM-B1.4	1º-EMB1.4.1 - Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	Representa os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións motrices.	CCL CCEC
EM-B1.4	1º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CCEC
EM-B1.5	1º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol,	Coñece elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama, clave de sol, branca e negra.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CAA

	branca e negra.						
EM-B1.5	1º-EMB1.5.2 - Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCEC
EM-B1.5	1º-EMB1.5.3 - Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC CD
Bloque 2: Interpretación musical							
EM-B2.1	1º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.	Repite esquemas rítmicos escoitados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC CMCT CAA
EM-B2.1	1º-EMB2.1.2 - Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CSC CAA
EM-B2.2	1º-EMB2.2.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Interpreta en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CSC
EM-B2.2	1º-EMB2.2.2 - Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	Realiza pequenas improvisacións sobre algunha base dada.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CAA
EM-B2.2	1º-EMB2.2.3 - Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	Fai de xeito consciente o proceso da respiración.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA
EM-B2.2	1º-EMB2.2.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	Interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CCL CMCT

EM-B2.3	1º-EMB2.3.1 - Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CMCT
EM-B2.3	1º-EMB2.3.2 - Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	Xoga a pregunta-resposta con motivos rítmicos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CAA CCEC CMCT
EM-B2.3	1º-EMB2.3.3 - Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	Crea pequenos esquemas rítmicos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CAA CMCT
EM-B2.3	1º-EMB2.3.4 - Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de pezas musicais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CAA
EM-B2.3	1º-EMB2.3.5 - Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CAA
Bloque 3: A música o movemento e a danza							
EM-B3.1	1º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCEC CSC
EM-B3.1	1º-EMB3.1.2 - Interactúa adecuadamente cos	Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras,	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCEC CSC

	compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	respectando as normas.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
EM-B3.2	1º-EMB3.2.1 - Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC
EM-B3.2	1º-EMB3.2.2 - Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CCEC
EM-B3.2	1º-EMB3.2.3 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	Utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCEC

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

